

Ola, espero que voltedes das vacacións con ánimos a pesares da situación que estamos a vivir. Neste documento porei as actividades de música que corresponden á primeira semana despois das vacacións de Semana Santa.

Empezarán vendo o conto da Cigarra e a Formiga onde lles pediremos que se fixen se aparece algún instrumento musical e que imiten como se toca.

Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=H-32pOjheRs>

Colorear o seguinte debuxo relacionado co vídeo anterior onde se está tocando o violín que a cigarra tiña.



Agora, para traballar o ritmo e a psicomotricidade a través da danza, faremos o xogo das “Estatuas musicais”. El@s xa o coñecen de facelo en clase e consiste no seguinte: poremos unha canción (poden elixila el@s) e deberán bailar mentres soa a música. Coa axuda de alguén, deberá pararse a música sen que o nen@ o saiba, e cando isto pase, deberá de quedarse quieto, como unha estatua. Cando a música se volva a soar, continuarán bailando. Este proceso se fará ó longo do que dura a canción.